

MEMORIA XUSTIFICATIVA DO CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A VICEPRESIDENCIA SEGUNDA E CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA, XUSTIZA E DEPORTES DA XUNTA DE GALICIA E FARMACÉUTICOS MUNDI PARA ACTUACIÓNS DE ACCIÓN HUMANITARIA E DE EMERXENCIA.

(1) A Vicepresidencia Segunda e Consellería de Presidencia, Xustiza e Deportes, a través da Dirección Xeral de Relacións Exteriores e coa UE e da súa Subdirección Xeral de Cooperación Exterior, é o órgano da Administración autonómica que ten atribuído o exercicio das competencias en materia de cooperación para o desenvolvemento.

A política da Xunta de Galicia en materia de cooperación ao desenvolvemento enmarcase no establecido na Lei 10/2021, do 9 de marzo, reguladora da acción exterior e da cooperación para o desenvolvemento de Galicia. O artigo 84 da citada Lei enuncia entre as modalidades de cooperación económico-financeira a acción humanitaria e axuda de emerxencia que consiste nas actuacións de asistencia, socorro, protección, rehabilitación e reconstrución en favor das persoas e comunidades afectadas por desastres naturais, guerras ou conflitos armados, así como das poboacións en situación de vulnerabilidade extrema, cun enfoque de dereitos humanos e impulsando a protección das vítimas e a aplicación do dereito internacional humanitario.

(2) **Antecedentes:**

Dende o ano 2009, a Xunta de Galicia (tanto a través da extinta Fundación Axencia Humanitaria de Galicia como a través da D.X. de Relacións Exteriores e coa UE) vén colaborando con Farmacéuticos Mundi para levar a cabo actuacións de axuda humanitaria e de emerxencia mediante a dotación dun fondo para emerxencias que permita unha resposta rápida nas emerxencias acaecidas, ademais de manter un material en stock no centro loxístico que a organización posúe en Paterna, Valencia.

Esta colaboración con Farmacéuticos Mundi que é unha entidade sen ánimo de lucro e que ten entre os seus fins sociais levar a cabo actuacións de acción humanitaria e de emerxencia no ámbito farmacéutico e humanitario para axudar ás poboacións máis



desfavorecidas dos países en vías de desenvolvemento, vítimas de catástrofes de orixe natural ou humano. Así mesmo, xestiona o envío de medicamentos, material sanitario ou de primeira necesidade a poboacións con carencias neste tipo de suministros. Para elo, esta ONGD garante o cumprimento da normativa internacional ditada pola OMS.

(3) **Finalidade** Co fin de dar continuidade á colaboración co Farmacéuticos Mundi para a execución de actuacións e proxectos en materia de acción humanitaria e de emerxencias en países con poboacións afectadas por catástrofes de orixe natural o humano, tense previsto formalizar o instrumento convencional arriba referido por un período de vixencia que abrangue dende o 1 de xaneiro de 2023 ata o 31 de decembro de 2023.

(4) O convenio ten por **obxecto** atender as necesidades máis urxentes das poboacións afectadas por catástrofes de orixe natural o humano, con especial énfase nos colectivos máis vulnerables, mediante a provisión inmediata de bens e servizos esenciais para a supervivencia (auga, abrigo, medicamentos, atención sanitaria e/u outro material de primeira necesidade), e paliar o sufrimento das poboacións afectadas por crises de longa duración e desequilibrios crónicos e estruturais, con énfase en países e poboacións de menor Índice de Desenvolvemento Humano (IDH).

(5) Tendo en conta as especificidades que se requiren nas actuacións de atención das emerxencias, que son de claro interese público humanitario e inciden directamente no ámbito da poboación en xeral, a necesidade da súa urxente posta en marcha, así como a natureza específica da entidade destinataria, a Dirección Xeral de Relacións Exteriores e coa UE considera que o proxecto reúne os requisitos esixidos para a concesión directa da subvencións segundo o artigo 26 da Lei 9/2007, do trece de xuño, de subvencións de Galicia, e segundo o artigo 40 do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento da Lei de Subvencións de Galicia, ao non ser posible promover a concorrência pública dada a especificidade das actividades que son de interese público humanitario e maila natureza da entidade destinataria da subvención.



(6) A Xunta de Galicia financiará o proxecto cunha achega total de 50.000 € (cincuenta mil euros), con cargo a aplicación orzamentaria 06.07.331A.490.0.

O expediente tramitase ao abeiro do disposto no artigo 1.1º da orde da Consellería de Economía e Facenda do 11 de febreiro de 1998, pola que se regula a tramitación anticipada de expedientes de gasto, na redacción dada pola Orde do 27 de novembro de 2000, ao existir crédito axeitado e suficiente no proxecto de Lei de orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia, aprobado polo Consello da Xunta de Galicia do día 18 de outubro de 2022.

(7) Polo exposto, considérase xustificada a utilización do instrumento do convenio para articular as actuacións de referencia, quedando o dito convenio fóra do ámbito de aplicación da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, pola que se transponen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, de 26 de febreiro de 2014, con independencia de que, ao abeiro do previsto no artigo 4 da dita norma, lle sexan de aplicación os principios desta lei para resolver as dúbidas e lagoas que se poidan presentar.

Asinado electrónicamente en Santiago de Compostela
O director xeral de Relacións Exteriores e coa UE

Jesús Gamallo Aller

